

**II. AUTORIDADES E PERSOAL****b) NOMEAMENTOS****CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

*Orde do 22 de xaneiro de 2010 pola que se nomean novos vogais do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento en representación dos axentes de cooperación.*

De acordo co establecido no número 5 do artigo 11 do Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación para o desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, os vogais do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento serán nomeados e destituídos polo titular do departamento competente, logo da proposta das entidades con representación naquel, mediante orde publicada no *Diario Oficial de Galicia*, e desempeñarán os seus cargos por un período de catro anos.

Mediante Orde do 7 de abril de 2005 nomeáronse os vogais do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento en representación dos axentes de cooperación (DOG do 25 de abril de 2005) e o seu mandato finalizou o 24 de abril de 2009.

Por Orde do 3 de xullo de 2009 renovouse o Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento co nomeamento de novos vogais representantes dos axentes de cooperación, exceptuados os representantes das universidades galegas e das comunidades galegas no exterior.

Polo tanto, vistas as propostas de nomeamento formuladas polos axentes de cooperación para o desenvolvemento e de acordo co disposto no número 5 do artigo 11 do Decreto 326/2004, do 29 de decembro

**DISPOÑO:**

Artigo único.

Nomear como vogais titulares do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento en representación dos axentes de cooperación:

\* Polas comunidades galegas no exterior, proposto pola comisión delegada do Consello das Comunidades Galegas.

-Titular: Antonio Piñón Martín

\* Polas universidades galegas, proposto polo Consello Galego de Universidades.

-Titular: Agustín Merino García

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2010.

Alfonso Rueda Valenzuela  
Conselleiro de Presidencia, Administracións  
Públicas e Xustiza

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****CONSELLERÍA DE FACENDA**

*Resolución do 15 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral e do Patrimonio da Consellería de Facenda, pola que se dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por esta consellería no terceiro cuadrimestre do ano 2009.*

En virtude do establecido no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega,

**DISPOÑO:**

Artigo único.-Dar publicidade á relación dos convenios subscritos pola Consellería de Facenda nos meses de setembro, outubro, novembro e decembro do ano 2009, que se incorpora como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2010.

Rosa María Pedrosa Pedrosa  
Secretaría xeral e do Patrimonio

**ANEXO****Convenios de colaboración subscritos pola Consellería de  
Facenda nos meses de setembro, outubro, novembro e  
decembro de 2009**

Convenio	Importe (€)	Data sinatura
Convenio entre a Consellería de Facenda e o Colexio de Economistas da Coruña para a realización do VIII Congreso Nacional do Rexistro de Economistas Asesores Fiscais (REAF).	15.000	3-11-2009
Convenio de colaboración institucional entre a Consellería de Facenda e a <i>Fundación para a Formación e Investigación en Auditoría do Sector Público</i> (Fiasep).	12.400	2-12-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e a entidade <i>La Voz de Galicia, S.A.</i> para a difusión e explicación das liñas estratéxicas dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2010.	149.000	18-12-2009
Convenio entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello da Pobra de Caramiñal para a recadación na vía executiva dos tributos e calquera recurso de dereito público deste concello.	Sen achega económica	20-1-2009
Convenio de colaboración entre a Consellería de Facenda e a <i>Asociación Española de Sociedades de Externalización de Procesos e Servizos para as Entidades Financeiras e Corporacións</i> (Aeproser) para a aplicación das novas tecnoloxías da información nos procedementos de xestión tributaria.	Sen achega económica	18-12-2009
Convenio de cooperación entre a Consellería de Facenda e a Universidade de Santiago de Compostela para a publicación da «Revista Galega de Economía do ano 2009».	24.000	14-10-2009